

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005014	CEIP Raquel Camacho	A Coruña	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	6
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	9
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	10
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	10
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	11
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	11
o) Outros apartados	11

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

* Obxectivos prioritarios:

- Crear un espazo educativo escolar seguro de inclusión, individualización, respecto á diferenza e non sexista.
- Coñecer o legado cultural e patrimonial, analízalo, investigalo, situándose no mundo e fomentando actitudes de compromiso cara unha posición persoal crítica na construción da sociedade futura.
- Promover unha escola integrada no medio, capaz de relacionarse positivamente con toda a comunidade (pais, organizacións culturais, Concello?), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios. Cultivar o arraigamento social do alumnado creando lazos co seu entorno próximo.
- Potenciar o desenvolvemento das habilidades básicas de observación, experimentación, asimilación e expresión atendendo ao estado evolutivo do alumnado.
- Elaborar dende unha perspectiva proactiva de plans de prevención, tanto a nivel de detección como de intervención co alumnado en relación á aprendizaxe e ao plano social e da convivencia.
- Adoptar un compromiso solidario e activo no coidado do medio ambiente e na procura do desenvolvemento sostible.
- Acadar o desenvolvemento de competencias relacionadas coa expresión de sentimentos autoconhecimento, autoestima e autoconcepción positivos (educación emocional).
- Adquirir competencias en habilidades sociais, establecendo relación interpersoais de empatía e solidariedade.
- Educar para a saúde e adquirir hábitos saudables (físicos e mentais) que lles posibiliten unha boa calidade de vida presente e futura, mediante a aprendizaxe e o desenvolvemento de capacidades de autonomía, autocoidado persoal e do entorno inmediato.
- Fomentar intercambios de experiencias educativas e/ou culturais.
- Traballar na formación dun espírito crítico ante as mensaxes que o alumnado recibe e elabora.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade así como actitudes de confianza en si mesmo/a, iniciativa, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

* Obxectivos pedagóxicos:

- Implantar o traballo por proxectos e colaborativo en todos os niveis escolares.
- Utilizar as dúas linguas vehiculares da aprendizaxe e potenciar o uso de linguas estranxeiras, co fin de adquirir unha competencia comunicativa básica para expresar e comprender mensaxes sinxelas en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas para a resolución de problemas que requiran operacións de cálculo elementais así como coñecementos xeométricos e estimativos para poder aplicar a situacións da vida diaria.
- Coñecer e valorar a flora e fauna do noso contorno próximo e da Comunidade Autónoma de Galiza interiorizando comportamentos de respecto e coidado.
- Utilizar os medios de expresión artística para iniciarse no desenvolvemento de propostas individuais ou grupais que procuren o desfrute do esteticamente fermoso, creativo, pracenteiro e favorecedor dunha comunicación enriquecedora na propia comunidade.
- Potenciar a utilización das novas tecnoloxías como recurso, aumentando o dominio do profesorado nas TIC e utilizando eficientemente os recursos tecnolóxicos.
- Fomentar o uso da biblioteca e promover hábitos de lectura no alumnado fomentando o uso da biblioteca e a hora de ler.
- Fomentar a titorización entre iguais para a prevención do acoso escolar.
- Reforzar a comprensión e expresión oral, desenvolvendo dinámicas de oratoria nas áreas de linguas.
- Empregar diferentes técnicas de estudo para mellorar o nivel de rendemento escolar.
- Respetar os ritmos individuais de aprendizaxe, atendendo á diversidade e considerando as intelixencias múltiples.
- Impulsar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención de accidentes de tráfico
- Educar para a paz, a interculturalidade e a solidariedade entre os pobos.
- Educar no respecto, coidado e defensa do Medio Ambiente.
- Educar ao consumidor a través dun espírito crítico e racional ante a sociedade de consumo.
- Potenciar os faladoiros, como espazos e tempos de diálogo, reflexión, participación e entramento democrático.
- Mellorar o Plan de Acollda ao alumnado con diversidade cultural e idiomática.
- Colaborar nas campañas de solidariedade e tolerancia.

* Obxectivos relacionados cos recursos persoais e materiais do centro:

- Establecer canles activas de comunicación entre toda a comunidade.

- Favorecer a formación permanente do profesorado a través da organización de cursos, seminarios, grupos de traballo, PFPP, Erasmus etc; a partir das necesidades observadas no centro.
- Procurar unha mellora paulatina das instalacións do centro, para acadar unha escola saneada, limpa, alegre, habitable e dotada de maneira efectiva en novas tecnoloxías.

* Obxectivos relacionados coa participación da comunidade educativa :

- Coordinarse con outros axentes sociais municipais para facilitar a incorporación e participación das familias do alumnado.
- Crear espazos e tempo de colaboración no Consello Escolar e no Claustro que faciliten a toma de decisións participativas.
- Contribuír en crear unha imaxe positiva do centro escolar.
- Implicar ás familias nas experiencias escolares e extraescolares.
- Pedir colaboración e plantexar actividades extraescolares que dean solucións aos horarios das familias.
- Facilitar a participación da familia nas datas conmemorativas e nas distintas actividades propostas desde o centro.
- Sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dun proxecto educativo baseado na solidariedade, respecto e igualdade.
- Sensibilizar sobre os aspectos positivos da integración doutras culturas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

A consecución dos obxectivos das distintas etapas educativas está vinculada a adquisición e desenvolvemento das distintas competencias:

a) Comunicación lingüística (CCL): para contribuír á adquisición desta competencia fomentamos o diálogo e o respecto polas ideas dos demais en debates e coloquios, contamos con un proxecto de biblioteca como eixo vertebrador de todas as actividades do centro, facemos obras de teatro e participamos nas actividades propostas dende a biblioteca, plan lector, actividades propostas polo ENDL, concursos e celebracións (Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas...).

b) Competencia plurilingüe (CP): Para contribuír a adquisición desta competencia participamos nas seccións bilingües impartindo a asignatura de plástica en inglés e contamos cada ano con un/unha auxiliar de conversa nas aulas.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM). Esta competencia é fundamental para interpretar o mundo, e máis hoxe en día en que estamos máis rodeados de datos e tecnoloxías que nunca. Por iso é vital que os obxectivos das distintas áreas desenvolvan esta competencia na que se basea gran parte do éxito educativo. Así traballaremos desde distintos ámbitos conceptos como a cantidade (con distintos xogos, cálculos, medicións), o espazo e a forma (debuxos con referencias reais ou imaxes, descifrar mapas a través de símbolos e pistas, esculpir obxectos), cambio e relacións (xogos de rol, deseñar ou interpretar planos, resolver problemas), interpretar mapas, realizar gráficas, realizar traballos de investigación, participación e concursos científicos, manexar distintos tipos de máquinas ou ferramentas (desde tesoiras, palas do horto, ordenadores), fabricación de poleas para levantar pesos, facemos distintas visitas escolares (ao planetarium, natureza), coidamos o noso horto

d) Competencia dixital (CD). Fomentarase o uso seguro, saudable, sostible, crítico e responsable das tecnoloxías, formando ao alumnado para realizar buscas en internet , seleccionar información relevante, organizar os datos obtidos e contidos de forma crítica. Participarase en actividades e proxectos usando ferramentas ou plataformas virtuais para comunicarse, traballar cooperativamente, compartir datos e contidos, etc. Ademais Contamos con libro dixital en 5º e 6º de Ed. primaria e capacitamos ao noso alumnado para a análise crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación, a publicidade, as lecturas e situacións da vida cotiá; rexeitando contidos sexistas ou discriminatorios polas diferenzas entre as persoas. Utilizamos tamén a aula de informática, e visitamos e participamos no blog da biblioteca e na páxina web do colexio...

e) Competencia personal, social e de aprender a aprender (CPSAA). Para desenvolver esta competencia ensinamos ao alumnado a aprender de maneira cada vez máis autónoma porque o obxectivo final e a aprendizaxe ao longo da vida. Para isto teremos en conta varias dimensións, en primeiro lugar prestando atención á motivación, empregando metodoloxías activas e estratexias coas que planificar a aprendizaxe, supervisala e avaliala, potenciando o traballo cooperativo e por proxectos.

f) Competencia cidadá (CC). Para fomentar a adquisición desta competencia desenvolveranse as capacidades do alumnado para elixir libremente, para ser autónomos, para relacionarse de maneira adecuada cos demais, a ter comportamentos respectuosos con eles mesmos/as, cos demais e co medio ambiente que preveñan condutas ou discriminacións de calquera tipo.

Ensinarase a construír relacións armónicas e pacíficas que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas no

respecto, recoñecendo a riqueza da diferenza e respectando os dereitos das persoas.

Ofreceranse modelos positivos quen favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas no respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia, que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada de conflitos.

Fomentarase ademais un compromiso activo coas prácticas de sostibilidade e protección dos animais.

Promoveranse hábitos saudables e sostibles a partir de rutinas que se irán integrando nas prácticas cotidianas.

g) Competencia emprendedora (CE). Para desenvolver esta competencia estimularase a curiosidade, iniciativa, imaxinación e disposición para investigar e crear mediante o xogo, actividades dirixidas ou libres, proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe.

Fomentarase a análise crítica e construtiva para analizar e avaliar a contorna.

h) Competencia en conciencia y expresión culturais (CCEC). Fomentamos a sensibilidade e unha actitude solidaria para os pobos que non dispoñen do máis básico, mostrando o labor das ONG e coñecendo os dereitos humanos.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Poderanse incorporar aqueles contidos transversais que dean resposta a demandas sociais conectadas coa nosa contorna (deterioro do medio ambiente, consumismo, educación para a saúde, educación emocional, promoción da igualdade entre homes e mulleres..) e que favorezan a adopción dunha perspectiva práctica e funcional, centrada fundamentalmente naqueles aspectos que se consideren básicos para a formación do alumnado, que favorezan o tratamento da diversidade nas aulas, que propicien a integración e a convivencia, que respecten as diferenzas individuais, que promovan a tolerancia de ideas ante a pluralidade e que fomenten a autonomía persoal e o desenvolvemento dun autoconceito positivo e equilibrado.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas áreas e materias curriculares ademais de abordar os distintos elementos transversais.

* Criterios xerais sobre a metodoloxía:

- Estilo de ensino-aprendizaxe activo (baseado nas habilidades de pensamento) encamiñado á consecución dunha aprendizaxe significativa na que o alumnado é o verdadeiro actor do seu proceso, sendo o profesorado o guía que lle axuda a descubrir os coñecementos.
- Introducción de novas tecnoloxías da información e da comunicación (E-DIXGAL): O traballo con ferramentas tecnolóxicas está orientado ao emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumnado iníciase no seu emprego de forma transversal e responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición as pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo
- Establecemento de ambientes de aprendizaxe e busca de aprendizaxes cooperativas. Empregaranse diferentes dinámicas: individuais, parellas, grupos, equipos....fomentando o traballo colaborativo, cooperativo e de gran grupo
- Metodoloxía baseada no desenvolvemento das intelixencias múltiples.
- Presentación de distintos tipos de actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades, que partan da observación e experimentación, empregando un enfoque activo no deseño das mesmas, buscando que o alumnado sexa protagonista activo das súas aprendizaxes.
- Fomento de actividades de inmersión e investigación no entorno.
- Terase en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, distintas maneiras de acceder á información, distintos xeitos de expresarse, distintas maneiras de motivar ao alumnado...
- Traballo por proxectos : Realizaranse proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado, do seu contorno próximo e dos seus centros de interese, co fin de fomentar a súa curiosidade e motivación pola aprendizaxe.
- Normalización no establecemento de propostas que impliquen actividade internivelar e interdisciplinar.
- Fomentar a titorización entre iguais.
- Empregaranse estratexias que axuden a conseguir máis significatividade nas aprendizaxes.
- Usarase unha organización espacial flexible que permita levar a cabo diferentes propostas (en ed. Infantil destacan os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...)

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os recursos supoñen un elemento esencial dentro do proceso de ensino/aprendizaxe. Hai que distinguir entre aqueles cos que conta o centro e a aula e aqueles ambientais, que superan as barreiras do colexio. Son estes últimos os servizos dos que dispón o barrio (biblioteca municipal, escola infantil do 1º ciclo...).

No que se refire aos primeiros, contamos cos PERSOAIS e os MATEIRIAIS. O principal recurso persoal é o alumnado, verdadeiros protagonistas da programación. Mais, agrúpanse tamén aquelas persoas que, dalgún xeito, participan na acción educativa, é dicir, por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

Os RECURSOS MATERIAIS serán axeitados ao nivel de desenvolvemento dos nenos/as, favorecer a actividade motora, cognitiva afectiva e social do alumnado e cumpriran cos requisitos de seguridade e solidez necesarios para poderen ser manexados nas distintas idades. Serán tamén materiais atractivos, que susciten interese e faciliten coñecementos que axuden ao alumnado a profundar nas temáticas propostas, e que os poidan manexar de maneira autónoma. Por outro lado, a variedade será a característica fundamental dos mesmos. En definitiva os recursos materiais son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, etc.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, rincón de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

En definitiva os RECURSOS DIDÁCTICOS teñen que:

- Promover valores relacionados co respecto mutuo, hábitos de hixiene, a ecoloxía sostible, o gusto polas artes e a vida saudable.
- Que a linguaxe e os contidos sexan intuitivos e sinxelos de comprender.
- Que sexan motivadores para o alumnado, atractivos e que inviten a experimentar.
- Proporcionar información e guiar as aprendizaxes do alumnado, axudando a crear novos coñecementos, relacionalos cos antigos e aplicalos.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do centro ven marcada polo establecido nos decretos 150/2022 de 8 de setembro e 155/2022 de 15 de setembro polos que se establecen a ordenación e currículo de educación infantil e de educación primaria en Galicia.

Ao ser un centro de educación infantil e primaria non corresponde a oferta de itinerarios nin optativas.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Corresponde ao equipo de actividades complementarias e extraescolares promover, coordinar e organizar o plan de traballo no que se incluíra o plan xeral de actividades a desenvolver no curso escolar que quedará reflectido na Programación Xeral anual e será presentada ao claustro e consello escolar.

Nas programacións didácticas deben quedar descritas as actividades complementarias previstas para cada nivel.

As actividades complementarias deben:

- Estar relacionadas cos contidos e obxectivos de cada ciclo e co currículo correspondente a cada curso.
- Estar relacionadas coas festividades marcadas no calendario escolar e cos distintos temas transversais.
- Ser variadas, despertar o espírito crítico, promover o respecto cara as persoas, animais, medio ambiente...
- Estar adaptadas ás idades do alumnado ao que van dirixidas, e promover o desenvolvemento das distintas competencias.
- Ser relevantes, significativas, garantir a igualdade a coeducación e o respecto.
- Ter en conta a diversidade do alumnado do centro e garantir a súa participación

Poderanse realizar aquelas actividades que xuran ao longo do curso, e que non estean previstas na PXA, e que se consideren de interese formativo e pedagóxico para o desenvolvemento integral do alumnado, previa comunicación ás familias.

*Criterios de organización de actividades complementarias dentro do centro:

- Dado o carácter curricular das actividades complementarias a participación do alumnado será obrigatoria si non supoñen ningún custe económico.
- Desenvolveranse en horario escolar coa permanencia obrigatoria do profesorado de referencia.
- Cando a actividade sexa dirixida por un axente colaborador externo, o profesora afectado debe estar sempre presente na actividade para controlar e atender calquera incidencia que poida xurdir.

*Criterios de organización das actividades complementarias fóra do centro.

- Para a realización deste tipo de actividades sempre será necesaria a conformidade escrita dos pais/nais/titores legais. Esta autorización haberá que presentala no prazo establecido para poder participar na actividade.
- Informarase á familias do tipo de actividade, lugar, horario de saída e chegada e custe da mesma, de ser o caso.
- Si as actividades implican algún custe para o alumnado serán voluntarias.
- Procurarase ofertar sempre actividades gratuítas ou de moi baixo custe, que garantan a participación do maior número de alumnado.
- En todas as saídas haberá un profesor por cada 25 alumnos e un profesor/a de apoio.
- O alumnado que non participe na actividade ten a obrigatoriedade de asistir ao centro. A xefatura de estudos arbitrará as medidas oportunas para que este alumnado quede debidamente atendido.
- Os profesores/as que participen en actividades que supoñan saída do centro en horario lectivo, deixarán previstas as tarefas que debe realizar o alumnado que non participe na actividade, para que o alumnado aproveite o tempo e o profesorado de garda poida cumprir o seu cometido.
- O titor/a poderá impedir a participación do alumnado que teña partes de incidencias ou que perturbase con anterioridade o normal desenvolvemento dunha actividade complementaria.
- A xefatura de estudos previa a realización de calquera actividade enviará o seguinte anexo ao profesorado coa información da actividade:

ANEXO: COMUNICACIÓN DE ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR OU COMPLEMENTARIA PREVISTA

CURSOS DESTINATARIOS:

DATA:

LUGAR:

HORA DE SAÍDA:

HORA DE CHEGADA:

ACTIVIDADE:

MEDIO DE TRANSPORTE:

PREZO:

MESTRES TITORES:

MESTRES ACOMPAÑANTES:

OBSERVACIÓNS:

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior. (No caso de alumnado de NEE este apoio será impartido polos especialistas de PT e de AL, e o resto do alumnado recibirá os apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria).

Partirase do grao de adquisición de obxectivos e competencias, así como das aprendizaxes imprescindibles de cada área ou materia pendente de superación. O titor/a establecerá un plan de traballo no que se determinen os coñecementos e competencias necesarias que deben ser adquiridas e as tarefas que se levarán a cabo.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Para a elaboración deste plan seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021. Deberán posibilitarlle alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

No CEIP Raquel Camacho empregaremos o seguinte modelo:

ANEXO 1. Plan específico de reforzo para o alumnado que debe permanecer un ano máis no mesmo curso.

1.- Datos do alumno/a

Primeiro apelido.....Segundo apelido.....
Nome.....

Data de nacemento.....

Titor/a.....

Curso e grupo.....

2.- Necesidades educativas que motivan a repetición de curso

1.-.....

2.-.....

3.-.....

3.- Medidas ordinarias aplicadas no curso.....

4.- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán

5.- Recursos necesarios

6.- Medidas extraordinarias (de ser o caso)

7.- Acreditación da información á familia

Recibín e fun informado:

Asdo: Pai, nai, titor/a legal

8.- Seguimento

Curso.....

Grupo e nivel.....

Titor/a.....

1ª avaliación

Axustes necesarios:

2ª avaliación

Axustes necesarios:

3ª avaliación

Desenvolvemento e aproveitamento:

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN.

Son os establecidos nas programacións didácticas de cada curso e cada materia elaboradas a principios de curso para cada nivel.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN INICIAL:

Realizárase polos equipos docentes a principios de curso en cada nivel segundo os criterios establecidos nas PD de cada materia. Nesta sesión asóptaranse de corma coordinada aquelas medidas de reforzo, apoio, recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a así como as relativas ao axuste e desenvolvemento do currículo. Esta avaliación en ningún caso impliará cualificación para o alumnado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN ALUMNADO CON NEAE:

Tomarase como referente os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo para o alumnado que así o requira a daptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON ACI AUTORIZADA:

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos en dita ACS.

AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL (Orde do 30 de maio de 2023)

A avaliación en educación infantil está dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensinanza a aprendizaxe do alumnado tanto no ámbito individual como colectivo.

Empregaranse técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumando, e que están recollidos nas distintas programacións didácticas.

AVALIACIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA (Orde do 26 de maio de 2023)

CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA.

PROCEDIMENTO XERAL

Ao finalizar cada un dos cursos o profesorado do grupo adoptará as decisións sobre a promoción do alumnado de maneira colexiada, tomándose en especial consideración a información e o criterio do titor/a do grupo. En calquera caso as decisións sobre a promoción adoptaranse ao finalizar os cursos de segundo cuarto e sexto, sendo esta automática no resto do curso da etapa. Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno/a e a natureza das súas dificultades, analizando se estas impídenlle verdadeiramente seguir con éxito o curso seguinte e se hai expectativas favorables de recuperación.

Accederase ao curso seguinte sempre que se considere que se alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas. Promocionarase, así mesmo, sempre que as aprendizaxes non adquiridas non impidan seguir con aproveitamento o curso posterior. Neste caso, a decisión irá acompañada de medidas educativas complementarias encamiñadas a contribuír a que o alumno alcance os obxectivos programados.

Accederase á etapa de Educación Secundaria Obrigatoria se se alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o adecuado grao de madurez.

Cando o alumno non cumpra os requisitos sinalados nos apartados deste documento permanecerá un ano máis no curso. Sendo esta unha medida excepcional e tomarase tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou dificultades de aprendizaxe do alumno/a, Neste caso o equipo docente organizará un PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO, para que durante ese curso o alumno/a poida acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta medida só se poderá adoptar unha vez ao longo da etapa oídos os pais, nais, titores legais e deixando constancia de que e lles facilitou esa información, comunicándolles a natureza das dificultades que presenta o alumno en cuestión e as medidas complementarias que se propón adoptar con vistas a emendalas. Esta medida terá en todo caso carácter excepcional.

Como a decisión de que un alumno permaneza un ano máis no mesmo curso só se poderá adoptar unha vez ao longo da Educación Primaria, os alumnos que xa repetisen, promocionarán aínda cando non conseguisen os obxectivos do

mesmo, recibindo o alumno/a os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes non alcanzadas no curso anterior.

CRITERIOS PEDAGÓXICOS DO CENTRO

- Promocionará ao curso ou etapa seguinte o alumno que se considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas así como a adquisición de capacidades necesarias para a consecución dos obxectivos programados nas distintas áreas, independentemente de que o rendemento non sexa do todo satisfactorio e aínda no caso de que fose avaliado negativamente nalgunha área ou materia.
- Terá carácter determinante para a decisión de non promoción unha falta de madurez de tal grao que lle impedira ao alumno a adquisición das capacidades necesarias e dos obxectivos programados.
- Poderase decidir a non promoción dun alumno se por circunstancias especiais (inmigración, escolarización irregular...) considérase que é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento, acompañado dun Plan de reforzo ou de adaptacións curriculares.
- Se o alumno /a ten moi baixa competencia nas materias instrumentais (lingua castelá e matemáticas) e que lle imposibilitan o desenvolvemento adecuado no resto das materias poderase decidir a non promoción de dito alumno.

Ademais, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Se o alumno puidese avanzar, sen necesidade de repetir, aplicándolle un programa de atención individualizado coas súas correspondentes adaptacións curriculares.
- O nivel de integración do alumno no grupo ao que está adscrito e as características do grupo ao que se adscribiría no caso de que o alumno non promocionase, por exemplo o número de alumnos, a conflitividade do grupo, o seu nivel de cohesión...
- O nivel de madurez do alumno, o seu grao de autonomía e responsabilidade e a súa capacidade de aprendizaxe, as características físicas...
- A opinión da familia, que será informada e escoitada antes de tomar a decisión.
- O asesoramento do Equipo de Orientación.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Non procede en Educación infantil e primaria.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Para a elaboración seguiranse a decisións e criterios xerais establecidos nas concrecións curriculares e atenderase ao disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos, incluíndo como mínimo os elementos indicados no punto 2 do artigo 14 do Decreto 150/2022 no caso das programacións de infantil e no punto 2 do artigo 15 do Decreto 155/2022 no caso das programacións de educación primaria.

As programacións estarán accesibles ás familias na páxina web do centro e nos primeiros días de clase os titores/as informarán ás familias dos obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e calificación das distintas áreas e materias do curso.

* Criterios para a súa elaboración:

- Proporase a súa utilidade.
- Partirase do contexto do centro.
- Incorporaranse os núcleos temáticos do currículo de referencia.
- Terase como referente o tratamento transversal da educación en valores.
- Practicaranse métodos que teñan en conta os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan o pensamento crítico, o traballo individual e cooperativo e distintas posibilidades de expresión.
- Faranse en equipo e de maneira coordinada.
- Seleccionarase criterios de avaliación que propoñan a realización de tarefas realistas, útiles e funcionais que demostren que a aprendizaxe dos contidos serve para algo.
- Introducen e traballan as distintas competencias básicas.
- Inclúen distintas medidas de atención á diversidade.
- Inclúen criterios, instrumentos e procedementos de avaliación e promoción.
- Inclúen materiais e recursos variados.

* Criterios para a súa avaliación:

- Se contextualizou adecuadamente atendendo á idiosincrasia do centro educativo.

- Se se facilitou a coordinación docente.
- Se se conseguiron os obxectivos xerais.
- Se se conseguiron os resultados de aprendizaxe satisfactorios por máis da metade da clase.
- Se se fomentou a lectura.
- Se as actividades, metodoloxía e recursos foron axeitados.
- Se os instrumentos de avaliación e calificación permitiron acadar os resultados da aprendizaxe.
- Se se desenvolveu unha educación personalizada.
- Se se tivo en conta a avaliación inicial.
- Se se traballaron as distintas competencias.
- Se foron adecuados a secuenciación de de contidos, espazos e tempos.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Entre os principais criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas, destacamos os seguintes:

- Que favorezan a innovación educativa no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Que fomenten a inclusión, a igualdade, a coeducación, entre o alumnado e o profesorado.
- Que promovan o respecto pola natureza e a ecoloxía sostible e hábitos de hixiene.
- Que promovan a vida saudable e a actividade física entre o alumnado e o profesorado.
- Que promovan a igualdade de oportunidades.
- Que fomenten o traballo colaborativo.
- Que desenvolvan temáticas e aspectos de interese para o alumnado, o profesorado, o centro, as familias...
- Que sexan operativos e estean aprobados polo claustro e consello escolar.

Poderase participar nos Plans, proxectos e programas que xurdan ao longo do curso e que cumpran os criterios anteriores.

O Plan lector do centro realizarase dirariamente despois do recreo en horario de 12 a 12:20 dentro da área ou materia que corresponda nesta sesión polo titor/a ou especialista da devandita materia.

O Plan de actividades físicas e hábitos saudables realizarase durante a xornada escolar polo titor/a de cada grupo dentro da materia que este considere ou de maneira transversal en distintas materias.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A partir da publicación da LOE no ano 2006, o termo Proxecto Curricular debe entenderse como Concreción Curricular, polo tanto seguiremos o establecido no capítulo II da Orde do 22 de xuño de 1997:

- O grao de cumprimento e de desenvolvemento da Concreción Curricular será revisado ao longo do curso pola Comisión de Coordinación pedagóxica (punto 1.5).
- A Concreción Curricular e as modificacións anuais serán aprobadas polo Claustro (punto 1.1).

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Non hai outros apartados.